



# Banco de leite de Vigo


BLV




**1** **Introducción**



**2** **Requisitos para ser Doante**



**3** **Extracción e Almacenaxe**



**4** **Conservación, Transporte e Entrega**



**5** **Dúbidas durante a doazón**



**6** **Puntos de entrega**

1

# Introducción



As Sociedades Científicas establecen que cando non hai suficiente leite da propia nai, o leite doado é a mellor alternativa para nenos enfermos ou prematuros, tendo en conta os seus beneficios inmunolóxicos e nutricionais.

O Banco de Leite realiza un estrito control da calidade do leite doado, incluíndo a selección das doantes, a almacenaxe, análise e pasteurización do leite e a súa distribución, de forma anónima e gratuíta, baixo prescrición médica, aos recentemente nados hospitalizados no sur de Galicia.




2

## Requisitos para ser doante



- **Estar a aleitar** ao seu fillo/a, e querer doar de forma voluntaria e altruista.
- **Levar un estilo de vida saudable**, estar sá e seguir unha dieta variada e equilibrada. Non consumir tabaco, alcol nin drogas.
- **Concertar unha cita** para realizar unha entrevista no noso banco ou nun dos centros satélites (ver directorio) para confirmar a súa idoneidade.
- **Realizar ou achegar unha análise recente**. No caso de non dispoñer dunha, o persoal do banco fará a análise necesaria para descartar infeccións que poidan transmitirse a través do leite (VIH, VHB, VHC...)
- **Outorgar o seu consentimento**. Todos os seus datos persoais serán manexados de acordo á lexislación vixente sobre protección deste tipo de datos.




3



## Extracción do leite

- Recibirá o material necesario para a extracción e almacenamento e transporte do leite no seu domicilio.
- A extracción do leite: pode ser manual ou cun sacaleites, segundo a súa preferencia. O persoal do banco facilitaralle un sacaleite se o necesita. Recoméndase o baleirado do peito ata que cese de fluír o leite. Se non se extraeu nunca é recomendable iniciar a extracción regular previamente, para familiarizarse con ela, antes de formalizar a doazón.
- Incluir na rutina diaria: aconsellamos extraer todos os días algo de leite, co fin de mellorar na cantidade e o tempo empregado. Aínda que a extracción da mañá adoita ser máis eficaz, outros horarios poden ser máis axeitados para vostede se dispón de maior tempo ou tranquilidade.



# Recollida e almacenaxe

3



- É moi importante que o leite non se contamine para que manteña a súa calidade e poida ser utilizado con seguridade. Antes de iniciar a extracción debe lavar as mans e as uñas con auga e xabón. Previamente é recomendable recoller o pelo cun gorro e colocar unha máscara.
- Elixo un lugar limpo onde sentar relaxadamente.
- Para a hixiene do peito é suficiente o aseo diario. Non se recomenda o uso de cremas para a zona do peito e mamila. O BLV facilitaralle recipientes estériles e etiquetas para a súa identificación. Anote o volume de leite e a data de extracción.
- Non encha o recipiente máis aló da última marca e peche ben a tapa.
- Deberá utilizar un recipiente para cada extracción de leite.

Consulte detalladamente as normas de limpeza e desinfección diaria do extractor e dos seus complementos.



# 4

## Conservación, Transporte e Entrega do Leite

- **Conxele o leite inmediatamente trala extracción, a  $-20^{\circ}$  C (conxelador 4 estrelas). Sitúe os envases afastados da porta do conxelador e evite o seu contacto con outros alimentos, por exemplo introducíndoos nunha bolsa de plástico.**
- **O leite para doar conxelado debe entregarse no prazo máximo de 15 días desde a súa extracción.**
- **Manter a cadea de frío durante o transporte é fundamental para garantir a calidade do leite.**



# Dúvidas durante a doazón

5



## Enfermidades Leves

Habitualmente as enfermidades leves non afectarán ao seu leite. Con todo, é prudente pospoñer a doazón ata a recuperación.

O mesmo ocorre con calquera afectación da mama ou da zona aréola-mamila.



## Medicamentos, vacinas e probas diagnósticas

Contacte co persoal do Banco de Leite se lle prescribiron un novo medicamento, produto de herbolario ou parafarmacia, vacínouse ou someteuse a probas radiolóxicas con contraste ou de medicina nuclear.



Pode consultarnos calquera dúbida a través da seguinte dirección do correo electrónico:

*[banco.leite.vigo@sergas.es](mailto:banco.leite.vigo@sergas.es)*





6

## Puntos de entrega



As entregas de leite poderá realizalas vostede mesma, ou unha persoa de súa confianza, no Banco de Leite de Vigo ou en calquera dos centros satélites, segundo a proximidade ao seu domicilio.

- En **Vigo** Hospital Álvaro Cunqueiro. Planta 2 Bloque técnico. Entrega no parking gratuito (foto). De luns a venres, de 8 a 15 h, tardes e fins de semana previo aviso.
- En **Pontevedra** Hospital Provincial. Servizo de Biberonería, planta 1 (de luns a venres, de 8:30 a 15 h).
- En **Ourense** Hospital Materno-Infantil. Neonatoloxía, planta 1 (de luns a venres, de 9 a 14:30 h).



*Grazas, doar leite  
salva vidas*



*Banco de leite de Vigo*

## Contacto



Vigo: 986 82 56 56

Pontevedra: 986 80 70 38

Ourense: 988 38 56 67

*(De luns a venres, de 9 a 15 horas)*



**Para a entrevista:**

*[banco.leite.vigo@sergas.es](mailto:banco.leite.vigo@sergas.es)*

Elaboración: Banco de Leite Vigo\_Unidade de Calidade

Codificación: BLV - Info/01\_ed02\_gal

Data: 29/04/2021

As imaxes deste documento son gratuitas ou facilitadas pola unidade, coas correspondentes autorizacións.